

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CD1COM001100	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade básico	2024/2025	2	60	72
MP3159_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	2	30	36
MP3159_22	Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabilidade	2024/2025	2	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA FERNÁNDEZ BRIÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A finalidade deste módulo é a de contribuír a que o alumnado coñeza as variables individuais que pode desenvolver ao longo da vida e que redunden na mellora da súa empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioproductivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente, que se pretende que o alumnado coñeza.

Por outro lado, adquirense as competencias necesarias para se incorporar ao período de formación na empresa ou organismo equiparado, respectando a normativa de prevención de riscos laborais, e para o desempeño alí das funcións de nivel básico en PRL establecidas na normativa reguladora vixente.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- r) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- t) Tomar decisións fundamentadas analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver distintas situacións, problemas ou continxencias.
- u) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- v) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptadas aos contidos que se vaian transmitir, así como á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- w) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, así como propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
- aa) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- ab) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito tamén contribúe ao logro das competencias do Título:

- p) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- q) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- r) Organizar e coordinar equipos de traballo e supervisar o seu desenvolvemento, con responsabilidade, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos que se presenten nos grupos.
- s) Comunicarse cos seus iguais, cos superiores, coa clientela e coas persoas baixo a súa responsabilidade utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo información e coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- t) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do traballo propio e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
- w) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	Normativa e xestión da seguridade e saúde no traballo	36	50
2	ORIENTACIÓN LABORAL	Folla de ruta do itinerario profesional	36	50

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.4 Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo
CA1.5 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia

Cráterios de avaliación

CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención e de participación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado, en relación coa prevención de riscos laborais

CA1.7 Identifícanse as primeiras intervencións para realizar en caso de emerxencias e primeiros auxilios, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.1.e) Contidos
Contidos

Danos derivados do traballo. Accidentes de traballo e doenzas profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.

Riscos ligados ás condicións de seguridade.

Organización e xestión de prevención na empresa.

Riscos ligados ao ambiente de traballo.

Dereitos e deberes básicos en materia de prevención de riscos laborais.

Riscos ligados ás condicións ergonómicas.

Representación das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos na empresa ou organismo equiparado.

Plan de emerxencia e evacuación.

Traballo e saúde: riscos profesionais. Factores de risco. Condicións de traballo.

Riscos ligados ás condicións psicosociais.

Principais medidas de prevención e protección.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ORIENTACIÓN LABORAL	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autoconhecimento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despreparar todas as súas capacidades	SI
RA2 - Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostraron como fundamentais á hora de atopar un emprego e mantelo	SI
RA3 - Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que teña ao seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais	SI
RA4 - Pon en marcha un itinerario propio analizando as opcións educativas e profesionais, valorando as vantaxes e os inconvenientes de cada unha delas e examinando as que mellor se axusten ás súas posibilidades e ás súas preferencias	SI
RA5 - Coñece as estratexias de acceso ao mercado de traballo por conta allea e utiliza as ferramentas necesarias para o proceso de inserción laboral	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autoconhecimento
CA1.2 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA1.3 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA1.4 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito
CA1.5 Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
CA2.1 Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade
CA2.2 Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas
CA2.3 Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade
CA2.4 Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo
CA2.5 Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional

Criterios de avaliación
CA3.1 Determinouse a realidade da contorna sociolaboral actual
CA3.2 Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias
CA3.3 Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave para o emprego e a adaptación ao cambio
CA4.1 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións posibles
CA4.2 Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais
CA4.3 Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional
CA5.1 Analizouse a procura de emprego como un proceso
CA5.2 Identificáronse as fontes de información de acceso ao emprego
CA5.3 Analizáronse as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea
CA5.4 Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise e avaliación do potencial profesional. DAFO persoal.
Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Identificación de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.

Contidos

Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.

Estratexias para superar as eivas de comunicación.

Habilidades de organización e xestión.

Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Ferramentas dixitais na interacción coas demais persoas. Networking.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.

Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.

Emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.

Retos da revolución dixital.

Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

Transición á vida activa.

Definición e análise do sector profesional. O teu título: sector produtivo, ocupacións e postos de traballo.

Avaliación das alternativas e da decisión tomada.

Fontes de información.

Toma de decisións na orientación académica e profesional.

Organización dunha conduta decisoria: que quero facer, que podo facer, onde o podo facer.

Contidos

Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se queira conseguir.

Análise dos intereses, as aptitudes e as motivacións persoais para a carreira profesional.

Identificación de itinerarios formativos relacionados.

Fontes de procura de emprego. Información xeral para a procura activa de emprego e de alternativas.

Información sobre a elaboración e a presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.

Ferramentas dixitais no proceso de procura de emprego.

Entrevista de traballo.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

Traballo por conta allea e por conta propia.

Traballo na Administración pública.

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

INSTRUMENTOS:

Serán esencialmente **PROBAS ESCRITAS** que poden adoptar diferentes formatos: **EXAMES**, **RETOS** e valoración e seguimento da **LIBRETA**.

1) **EXAMEN** : Probas obxectivas teórico/prácticas (examen) das que realizárase polo menos unha proba escrita por avaliación e poden ter diferentes formatos (cuestionario tipo test, preguntas curtas, etc.). A idea é facer dous por trimestre, pero de non ser posible, faremos un.

Estes exames teñen carácter obrigatorio e realizaranse no centro nas datas indicadas e cos criterios de puntualidade e materiais indicados na aula virtual e na web do centro. A ausencia inxustificada ou a falta de puntualidade a estas probas conlevará automaticamente un cero no examen e só se admitirán xustificacións por motivos de saúde debidamente documentadas.

Terán un peso dun 60% da nota.

2) **RETOS**: Actividades e traballos (individuais ou en equipo) que serán tidas en conta para cada alumno/a de forma individualizada según os obxectivos e criterios marcados para as diferentes tarefas e que aparecen indicados encada **RÚBRICA** de forma individual.

Terán unha ponderación dun 30% da nota por trimestre que se repartirá proporcionalmente entre os realizados nese trimestre.

Se realizarán de xeito orixinal e se se inspiran ou collen ideas de fontes web ou bibliográficas, os traballos incluírán unha bibliografía e/ou webgrafía; do contrario, non se calificarán. Ademais:

** Non se admitirán entregas de tarefas fora de prazo ou que non cumpran os criterios marcados pola profesora nas instrucións das mesmas: Se calificarán cun 0.

**De poder demostrarse a non orixinalidade dos traballos, ou se os alumnos/as non son quen de xustificar ou demostrar que son autores/as do traballo presentado, suspenderán esa tarefa ou traballo cun 0.

** Queda prohibido o uso de ferramentas IA para a elaboración de entregas (casos, contidos, etc) ou para empregalas de forma pouco ética en detrimento do traballo e aprendizaxe crítica que se pretende acadar coas actividades de aula. As evidencias realizadas con este tipo de ferramentas serán calificadas cun 0.

**Se algún dos membros dun grupo de traballo non participa das tarefas do equipo será apartado do mesmo e terá que facer ese proxecto individualmente

3) LIBRETA: Antes de cada exame a profesora revisará A LIBRETA do alumno de xeito individual para comprobar si toma os apuntes debidamente e si está todo o traballado ata esa data conforme o existido no aula.

Terá unha calificación do 10 % da nota do trimestre.

Para que se efectúe a media, a nota obtida a través dos anteriores instrumentos será como mínimo dun 5 en cada un deles.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O alumnado terá que aprobar cada unha das unidades didácticas para superar os resultados de aprendizaxe (RA) e superarán o módulo si a cualificación final é igual ou superior a 5. En cada exame ou produto a realizar se especificará o valor de cada pregunta ou parte, e cada unidade manterá o seu peso dentro da cualificación dacordo ao peso asignado dentro da programación. Deste xeito para o alumnado que supera o módulo, a nota da 3º avaliación farase coincidir coa nota final que se calcula do seguinte xeito:

Para aquela parte do alumnado que teña algunha avaliación non aprobada, a nota media final será como máximo de 4, xa que neste caso deberá presentarse á recuperación das avaliacións suspensas ao final do curso.

Para o cálculo da cualificación da avaliación ordinaria de Xuño non se utilizarán as notas redondeadas que figuran no boletín de notas, senón as medias numéricas (até dous decimais) de cada unha das avaliacións. A profesora obrígase a comunicar a os/ás alumnos/as que o soliciten o valor destas medias numéricas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao final do último trimestre, realizarase unha PROBA ESCRITA DE RECUPERACIÓN para aquel alumnado que non aprobou algunha/s avaliacións, e por tanto non acadau todos ou algúns dos Resultados de Aprendizaxe mínimos, seguindo os mesmos criterios de avaliación que ao longo do curso.

A proba constará de varios apartados, en función das avaliacións non superadas e polo tanto dos contidos mínimos non acadados durante o curso.

O alumnado deberá presentarse as avaliacións que ten pendentes.

Será necesario ter un mínimo dun 5 en cada uno dos apartados ou avaliacións para poder ter unha avaliación positiva do módulo.

Previamente levaráanse a cabo actividades de recuperación e repaso:

- Propoñeráse ao alumno a resolución de exercicios de carácter práctico que incidan especialmente nos contidos que máis dificultade lle reportasen.
- Estableceráanse unhas sesións no terceiro parcial para resolver dúbidas destes contidos.
- Individualizaráse o proceso de recuperación, diferenciando en función das causas que motivaran a imposibilidade de superar o Módulo: dificultades para acadar o nivel esixido derivadas de carencias de base, ou ben da actitude do alumno, faltas xustificadas de forma excepcional, etc.

Será tamén necesario presentar calqueira outra tarefas ou RETOS propostos pola profesora durante o curso e que o alumno en cuestión non presentou, que ela considere requisito imprescindible para poder aprobar: Entre eles, será obrigatorio facer:

- A lectura e posterior traballo de "QUIEN SE HA LLEVADO MI QUESO"
- Elevator spitch persoal .

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo coa lexislación vixente en materia de avaliación de ciclos, aqueles alumnos que tiveran un número de falta superior ao 10% do total de horas do módulo , perderían o dereito de avaliación continua, e terían que facer unha proba final que tería lugar no mes de xuño que verse sobre as capacidades terminais da materia.

Será tamén necesario presentar calqueira outra tarefas ou RETOS propostos pola profesora que ela considere requisito imprescindible para poder aprobar: Entre eles...

- A lectura e posterior traballo de "QUIEN SE HA LLEVADO MI QUESO"
- Elevator spitch persoal .

Neste proceso de avaliación deberá demostrar que acadou cada un dos criterios de avaliación mínimos esixibles que se detallan na presente programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo irei recollendo as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial, así como valorando o resultado das actividades propostas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademáis farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

No mes de xuño avaliaremos a práctica docente, utilizando os seguintes instrumentos:

- Estadísticas de aprobados / suspensos para ver se os resultados presentan ou non desviacións fronte ao que se considera razoable.
- A propia observación do profesor da materia.

Analizando os resultados dos instrumentos anteriores, farase un informe que figurará na memoria de final de curso. Neste informe xustificaranse, na medida do posible, as circunstancias que causaron as posibles desviacións na programación.

Se fose o caso, habería que reformularse a programación para cursos sucesivos, introducindo as melloras que fagan este documento máis eficiente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderá levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os Decretos que regulan os currículos dos ciclos formativos de formación profesional establecen a obrigatoriedade de ter en conta uns determinados contidos actitudinais; chámanse así por se contidos educativos dirixidos á formación en valores. Ademais de temas transversais como a educación moral e cívica, a educación para a paz, a educación para a saúde, a educación do consumidor, a educación para a igualdade e a identificación de situación de discriminación, a educación ambiental... como contidos educativos básicos na formación de calquera cidadán.

Na materia de IPE os contidos transversais están especialmente presentes pois nela trátase materias relacionadas coa seguridade e hixiene no traballo, cuestións relacionadas co medio ambiente e a empresa, problemáticas socio laborais do mundo do traballo, a solidariedade, tolerancia e diálogo que se precisan para o traballo en equipo, etc. sempre dende o respecto á diversidade de opinións e invitando á reflexión e promovendo a curiosidade e ó análise crítico.

En todas as unidades fomentárase o traballo en equipo, a investigación e a procura de información e a responsabilidade e competencias profesionais que se esperan dun profesional de este sector (planificación, organización, esforzo, coordinación do traballo, comunicación respectuosa e coa terminoloxía adecuada, etc.).

Tres centros de valores estarán especialmente presentes na nosa aula:

- O pensamento crítico e social
- O esforzo e a capacidade de organización
- A convivencia respectuosa e a defensa da igualdade

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares que se realicen ao longo do curso académico, serán establecidas de común acordo con o resto de profesores do GRUPO DE FP BÁSICA tendo en conta as particularidades da formación e do grupo ao que van dirixidas.

Trataremos de participar en seminarios publicados polo concello e outros organizados pola Vicedirección que se consideran adaptados ao seu perfil e as súas necesidades e intereses.

A maiores, este DEPARTAMENTO, intentará facer co grupo a ACTIVIDADE DE "LÁSER COMBAT" , en Coruña, para traballar de xeito lúdico a estratexia de traballo en equipo e compartir con eles algunha experiencia non lectiva que faga grupo e lles dé a oportunidade de ter unha xornada de diversión.